

FANTASÍA NEGRA

Lionel Rogosin, 1972

1433

ESTREA EN NUMAX: 23.12.2024 | V.O.S.G. | 80 min

Baseada nas experiencias do músico afroamericano Jim Collier e o seu matrimonio interracial, Fantasía negra combina realidade e fantasía poética para explorar que significa ser unha persoa negra na sociedade branca da época. Na súa estrutura combina un monólogo improvisado e planos de Collier interpelando directamente á cámara en busca da realidade psicolóxica dun individuo negro cuxa conciencia racial foi imposta pola súa contorna e a sociedade.



Ser negro nunha sociedade branca

“Nunha sociedade racista, ser un home negro casado cunha muller branca significa non poden ter ningún tipo de relación significativa xuntos, ningún tipo de confianza real o un no outro. Os meus amigos negros ódian e non a entenden e ódianme por estar con ela e témennos e envéxannos. Pero aí estamos, na máis remota posibilidade de que esteas namorado e de que sexas capaz de superar eses obstáculos culturais”.

Jim Collier

Baseada nas experiencias reais de Jim Collier, un mozo músico afroamericano, *Fantasia negra* combina a realidade obxectiva e a fantasía poética para expresar intimamente o que significa ser negro na sociedade branca contemporánea, e neste caso ser negro e estar casado cunha muller branca. O monólogo improvisado de Collier sobre a súa realidade psicolóxica forma a estrutura subxacente da película. As imaxes das súas fantasías, habilmente entrelazadas con escenas de Collier falando directamente á cámara, exploran aínda máis a experiencia dun individuo negro cuxos pensamentos e sentimentos están filtrados a través dunha conciencia racial que lle imponen a sociedade e as circunstancias. Filmada nas rúas e en varios lofts da área de Nova York, e acompañada por música orixinal que subliña a intensidade da emoción inherente á experiencia de Collier, *Fantasia negra* é un relato moi persoal do conflito dun home no amor e a vida. [...]

A vida convértese nun tecido de paranoia, tecido a partir da intensidade da hostilidade e a angustia insoportable de ser negro nun mundo branco. Para sobrevivir, Collier aprende a controlar as emocións violentas e distorsionadas que sosteñen a súa vida: a rabia e o resentimento que dirixe a través da súa esposa (á que odia por ser tan branca) cara á sociedade branca que oprime á súa raza. [...] Pero desde o labirinto de pesadelo dunha sociedade racista, Collier e a súa muller branca recorren á extraordinaria forza e vontade do seu amor para soportar as miradas indignadas, tolerar o odio e defenderse do cansazo de estar eternamente en exhibición.

Do dossier de prensa orixinal da película, 1972